

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de xaneiro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de decembro de 2022.
- * Aprobación da declaración de interese de modificación/verificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento.
- * Aprobación da modificación das normas para a contratación de profesorado axudante doutor.
- * Aprobación das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo. Convocatoria 2023.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2023/24.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2023/24.
- * Aprobación do teito de horas destinado a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2023/24.
- * Aprobación de solicitude de comisión de servizos: Emma Rodríguez Rodríguez.
- * Aprobación da modificación da cláusula oitava do modelo de convenio específico de colaboración para a realización de traballos de fin de estudos (grao ou mestrado), en relación á propiedade intelectual e industrial dos traballos.
- * Aprobación de modificacións no acordo do Consello de Goberno sobre a consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á Universidade de Vigo, en relación coas actividades de extensión universitaria.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de grao.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento.
- * Aprobación da concesión do doutoramento honoris causa ao Profesor Nicholas A. Kotov.
- * Ratificación dos membros da Comisión de Publicacións polo sector PDI:
 - 3 PDI do ámbito Humanístico-Artístico / Xurídico-Social:
 - Marta García González (Tradución e interpretación)
 - Enrique José Varela Álvarez (Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía)
 - Benigno Fernández Salgado (Filoloxía galega e latina)
 - 3 PDI do ámbito Tecnolóxico-Científico:
 - Ignacio Pérez Juste (Química física)

- Ana María Bernabeu Tello (Xeociencias mariñas e ordenación do territorio)
- Marta Pérez Rodríguez (Matemáticas)

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.